

Os "3R" da Ecoloxía: Reduce, reutiliza e recicla

Producir residuos é unha acción inherente á condición do ser humano. Pero os complexos sistemas de produción e consumo fixeron que, nos últimos tempos, a xeración de refugallos se teña disparado de forma alarmante, coa particularidade de que os produtos que adquirimos están conformados en moitos casos por materiais que non se degradan facilmente e que, de non ser xestionados de forma correcta, suporán unha seria ameaza para a nosa contorna e saúde.

A Sociedade Galega do Medio Ambiente asume a xestión dos residuos contidos na bolsa amarela (latas, briks e envases de plástico) e bolsa negra (fracción resto). Dentro das súas competencias non se atopa a xestión de materiais tales como papel/cartón, vidro, pilas e residuos especiais recollidos a través dos puntos limpos, que son tratados en cada caso por xestores autorizados.

Pero, antes de que esta empresa pública poña en marcha a súa operativa, o cidadán pode axudar en gran medida a facer unha xestión máis sostible dos residuos que produce cada día. A clave, sempre ao seu alcance, reside nos tres erres: Reducir, Reutilizar e Reciclar

REDUCIR:

- Consumindo de forma responsable e facendo unha lista previa co realmente necesario.
- Comprando as cantidades axustadas ás necesidades da unidade familiar e adquirindo produtos nos que se teña en conta a data de caducidade, que en todo caso debe diferenciarse da de consumo preferente.
- Optando por alimentos frescos e a granel, e elixindo produtos que estean minimamente envoltos, dando preferencia aos envasados que se poidan volver a utilizar.
- Reparando todos os materiais que resulte posible, como é o caso de moitos aparellos eléctricos que aínda serven e dos que nos desfecemos cada ano.
- Dando preferencia aos produtos locais, pois con isto contribuiremos ao desenvolvemento da economía na nosa contorna máis inmediata e evitaremos o exceso de embalaxe que trae consigo o transporte a grandes distancias, diminuíndo ao mesmo tempo as emisións de CO₂.

REUTILIZAR:

- Usando trapos de cociña no canto de rulos de papel, e panos de algodón no canto da súa versión en papel.
- Optando por vasos, pratos e cuncas de louza ou cristal, evitando o uso de desbotables.
- Levando de casa a bolsa ou o carriño da compra, evitando utilizar unha nova bolsa de plástico cada vez.
- Aproveitando ao máximo o papel, usando sempre as dúas caras das follas e reutilizando as impresas por unha.
- Empregando pilas recargables.

RECICLAR:

- Separando os residuos por tipoloxías e depositándoos nos contedores axeitados.

UN EXERCICIO DE RESPONSABILIDADE

Aplicando de forma efectiva o principio europeo dos tres erres (Reducir, Reutilizar e Reciclar), daremos cumprimento a outro gran principio para a sostibilidade do sistema, o da responsabilidade compartida.

Abandonando o modelo lineal de usar e tirar, e apostando por un circular no que os residuos sexan

Os "3R" da Ecoloxía: Reduce, reutiliza e recicla

Published on Sogama (<https://www.sogama.gal>)

transformados en recursos, abriremos a porta a un futuro esperanzador.

Porque o respecto polo hoxe tradúcese en garantía para o mañá.

[Contenedor azul](#) [1][Contenedor genérico](#) [2][Contenedor amarillo](#) [3]
[Iglú verde](#) [4][Contenedor pilas](#) [5][Punto limpio](#) [6]

Source URL: <https://www.sogama.gal/gl/info/os-3r-da-ecolox%C3%ADa-reduce-reutiliza-e-recicla>

Ligazóns

[1] <https://www.sogama.gal/gl/contenedor-azul>

[2] <https://www.sogama.gal/gl/contenedor-generico>

[3] <https://www.sogama.gal/gl/contenedor-amarillo>

[4] <https://www.sogama.gal/gl/iglu-verde>

[5] <https://www.sogama.gal/gl/recipiente-especifico-para-pilas>

[6] <https://www.sogama.gal/gl/punto-limpio>